



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Información pública tras aprobación inicial: Proxecto de Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos

Proxecto de Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no concello de Mugardos

ANUNCIO

Trámite: información pública tras aprobación inicial

Aprobado inicialmente polo Plenbo en sesión ordinaria realizada con data 17 de xullo de 2025 o proxecto de Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no concello de Mugardos, en cumprimento do disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles durante o cal ás persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e suxerencias que estimen por oportunas.

O cómputo do prazo inciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do presente anuncio.

Simultaneamente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible na sede electrónica <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación) e no espazo de participación cidadá na elaboración normativa dispoñible na páxina web <https://mugardos.gal/participacion-cidada-na-elaboracion-normativa/>, sección Inicitiva en fase de información pública.

O expediente está a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos e o texto completo do proxecto, estarán dispoñibles igualmente na indicado portal de internet, sección e apartado.

No caso de que durante o indicado prazo non se presente observación ou reclamación ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, levándose a cabo a publicación do acordo e texto íntegro no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata o transcurso do prazo dos quince días hábiles ao que se refire o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O texto do Regulamento quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, sección Transparencia, apartado Normativa en vigor.

Mugardos, a 18 de xullo de 2025.

O Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba

2025/4854